

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5294 *Real decreto lei 5/2010, do 31 de marzo, polo que se amplía a vixencia de determinadas medidas económicas de carácter temporal.*

Ao longo dos anos 2008 e 2009 foron adoptadas diversas normas legais de aplicación temporal limitada coa finalidade de reducir as consecuencias da crise sobre os cidadáns e as empresas e de estimular o mantemento e a recuperación da actividade e do crecemento económicos. O transcurso do prazo inicial de vixencia destas normas fai ineludible adoptar agora unha nova decisión con rango de lei para posibilitar a súa prórroga mentres a súa aplicación segue resultando eficaz para favorecer o mantemento e desenvolvemento da actividade económica nos sectores afectados.

Con esa finalidade, este real decreto lei renova, en primeiro lugar, a medida complementaria sobre o ordenamento xurídico mercantil que incluíu o Real decreto lei 10/2008, do 12 de decembro, na súa disposición adicional única. Así, establécese cunha vixencia temporal limitada a dous exercicios sociais un réxime excepcional para os supostos de redución obrigatoria de capital e de disolución de sociedades anónimas e de responsabilidade limitada como consecuencia de determinadas perdas. Esta medida, tal como foi adoptada en 2008 a través do citado Real decreto lei 10/2008, permitiu amortecer o impacto da crise en moitas empresas que, doutra maneira, se terían visto gravemente afectadas. De aí a extraordinaria e urxente necesidade de evitar, a través da renovación deste mesmo recurso, que un apreciable número de empresas entren agora en causa de disolución ou, se for o caso, en supostos de redución obrigatoria de capital. A recente evolución da actividade económica internacional séguenos situando nun contexto excepcional, e as perdas por deterioración, conxunturalmente significativas en determinadas compañías, ao incorporárense á conta de perdas e ganancias terían que computar, para os efectos do cálculo da perda do patrimonio neto, nos supostos sinalados de redución de capital e disolución. Por esta razón cómpre seguir suspendendo cunha vixencia temporal de dous exercicios sociais a partir da entrada en vigor do real decreto lei, e unicamente para os casos de perdas por deterioración do inmovilizado material, dos investimentos inmobiliarios e das existencias, o réxime societario aplicable, sen que isto supoña, polo demais, alteración do correspondente réxime contable. A necesidade de aplicar esta previsión, baseada nos recentes datos de evolución financeira, aos procesos en curso imposibilita recorrer a figuras normativas distintas do real decreto lei, e xustifica a urxencia que é presuposto necesario deste instrumento xurídico.

En segundo lugar, este real decreto lei retoma a previsión incluída no número tres da disposición adicional cuadraxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, en materia de reequilibrio financeiro de concesións de autoestradas de peaxe, que establece, con carácter excepcional, a posibilidade de compensar as obras adicionais xa executadas ao tempo da entrada en vigor desa lei e non previstas nos proxectos iniciais, podendo o Ministerio de Fomento, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, propor ao Goberno, nos tres meses seguintes á entrada en vigor da lei, a finalización convencional dos procedementos derivados das reclamacións xa presentadas por ese concepto. O acordo de finalización, segundo establece a disposición adicional cuadraxésimo primeira, deberá determinar as medidas necesarias para restablecer o equilibrio económico-financeiro das concesións, que consistirán preferentemente nun aumento de tarifas ou do prazo concesional e deben recoller, así mesmo, o importe das obras recoñecidas para cada concesión.

Á vista das distintas circunstancias concorrentes en cada unha das nove sociedades concesionarias concernidas pola citada disposición, a complexidade das obras adicionais que cómpre compensar e dos estudos requiridos para adoptar as citadas medidas de

reequilibrio, resulta imprescindible, co fin de garantir que o proceso previsto nesa disposición culmine con éxito, unha ampliación do prazo nela previsto para a finalización convencional dos procedementos derivados das mencionadas reclamacións por obras adicionais. Esas mesmas circunstancias sobrevindas de complexidade e novos estudos son as que obrigan agora a actuar coa urxencia propia da fin do prazo previsto na citada Lei 26/2009 e, en consecuencia, adoptar o presente real decreto lei.

O artigo 3 do real decreto lei, como medida vinculada ao fomento do transporte aéreo e respecto ao tráfico de pasaxeiros operado no conxunto dos aeroportos das illas Canarias, establece desde a entrada en vigor deste real decreto lei e até o 31 de decembro de 2010 unha subvención extraordinaria para os suxeitos pasivos da tarifa B.1 no importe íntegro desa tarifa por cada pasaxeiro adicional que transportasen respecto a idéntico período do ano 2009. A medida constitúe unha renovación da prevista polo número un da disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010, cuxo prazo final se atinxiu o pasado 25 de marzo. Con esa renovación, trátase de reforzar positivamente o incremento de tráfico alcanzado polas compañías aéreas que operan no referido ámbito insular e compensar a peculiaridade derivada da súa insularidade. Á urxencia derivada da finalización da vixencia das previsións da citada Lei 26/2009 débese engadir a necesidade de que a norma estea en vigor inmediatamente para que poida despregar a súa finalidade de incentivo das actuacións das compañías aéreas e dos propios usuarios do transporte aéreo.

O artigo 4 do Real decreto lei amplía o período de prórroga extraordinaria para a realización dos investimentos previstos no Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento. Desde finais do mes de xuño de 2009 producíronse graves situacións de climatoloxía adversa en todo o territorio estatal que provocaron danos en todo tipo de infraestruturas de titularidade pública e en bens de titularidade privada. Esta circunstancia influíu decisivamente en que a execución de determinados proxectos de investimento que deberían realizar os concellos no marco do Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, se demorase inevitablemente. Trátase, por tanto, dunha situación xerada por causas de forza maior, non imputable á Administración, que se engade á complexidade propia dalgunhas das obras abordadas. Como consecuencia desta situación, considérase oportuno ampliar o prazo de prórroga na execución das obras previstas no Real decreto lei 9/2008 desde o máximo dos seis meses inicialmente previstos até doce meses.

O feito de que moitos concellos se encontren xa próximos á conclusión do prazo de prórroga inicialmente concedido para executaren os seus proxectos, unido á necesidade de que coñezan coa antelación necesaria antes de que finalice ese prazo a súa posible ampliación e, por tanto, a imprescindible certeza que debe rexer na conclusión desa execución, supón a imposibilidade de acudir a unha tramitación ordinaria de norma de rango legal, a cal, en todo caso, resulta necesaria por se modificar un real decreto lei.

Por último, a disposición adicional única do real decreto lei pretende tamén evitar, na actual situación económica, situacións disfuncionais derivadas da aplicación da normativa reguladora dos aranceis dos procuradores dos tribunais. Esta non se acomoda nos seus tramos máis elevados á realidade da situación económica de noso país, polo que é urxente modificala para evitar efectos non desexados, establecendo un tope máximo que impida liquidacións manifestamente desproporcionadas. Tal situación é especialmente necesaria no ámbito dos procedementos concursais. En efecto, o fundamento da Lei concursal é garantir o cobramento dos seus créditos aos acredores, baixo o principio da «par conditio creditorum». O traballo de todos os profesionais implicados nos procesos concursais é esencial para tal fin, pero a súa remuneración débese axustar aos servizos realmente desempeñados e, en todo caso, a uns límites que garantan que a masa non se reduce de tal maneira que frustre o obxectivo final do cobramento polos acredores. Co Real decreto lei 3/2009 fixéronse unha serie de regras para a remuneración da administración concursal baseadas nos principios de efectividade e limitación. O presente real decreto lei insiste

nesa idea establecendo con carácter xeral un límite máximo para os dereitos dos procuradores dos tribunais e axustando a base de cálculo nos procesos concursais.

A imperiosa necesidade de salvagardar os lexítimos dereitos dos acredores e a redución dos custos na Administración de xustiza exige que ambas as regras sexan de aplicación a todos os procedementos en tramitación e a todos os dereitos que, aínda que exixibles, non se liquidasen con carácter firme. A situación económica actual e a retribución xusta e equitativa dos servizos prestados polos procuradores dos tribunais xustifican a adopción desta medida con urxencia a través do presente instrumento, evitando que se demore a posta en práctica dunhas medidas que xa son efectivas para outros operadores xurídicos, o que xera desigualdade e falta de equidade nestas cuestións.

En consecuencia, as medidas establecidas na presente norma reúnen, cada unha delas, as características de urxente e extraordinaria necesidade que constitúen o presuposto para a súa adopción.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Economía e Facenda, do ministro de Xustiza, do ministro de Fomento e do ministro de Política Territorial, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. Cómputo de perdas nos supostos de redución obrigatoria de capital social na sociedade anónima e de disolución nas sociedades anónimas e de responsabilidade limitada.

Renóvase, sen solución de continuidade e para todos os efectos legais, durante os dous exercicios sociais que se fechen a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, a aplicación do disposto no número 1 da disposición adicional única do Real decreto lei 10/2008, do 12 de decembro.

Artigo 2. Reequilibrio económico-financieiro das concesións de autoestradas de peaxe.

Prorrógase até o 31 de decembro de 2010 o prazo previsto na disposición adicional cuadraxésimo primeira, número tres, da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, relativo á finalización convencional dos procedementos derivados das reclamacións por obras adicionais xa executadas ao tempo da súa entrada en vigor polas concesionarias de autoestradas de peaxe de competencia da Administración xeral de Estado.

Artigo 3. Subvención extraordinaria para o fomento do transporte aéreo de pasaxeiros.

1. Durante o período comprendido entre o día de entrada en vigor desta disposición e o 31 de decembro de 2010, e respecto ao tráfico de pasaxeiros operado no conxunto dos aeroportos das illas Canarias, manterase a subvención extraordinaria para o fomento do transporte aéreo aos suxeitos pasivos da tarifa B.1 no importe que se prevé no número segundo da disposición adicional primeira da Lei 5/2009, do 29 de xuño, por cada pasaxeiro adicional que transportasen respecto a idéntico período do ano 2009.

2. A subvención deberase solicitar dentro do mes de xaneiro de 2011, e será satisfeita por AENA compensando o seu importe con calquera cantidade que lle deban os beneficiarios e, non sendo posible en todo ou en parte, mediante o seu aboamento en diñeiro antes do 31 de xullo de 2011.

Artigo 4. Prórroga da acreditación de investimentos e finalización de obras do Fondo Estatal de Investimento Local 2009.

Modifícase o número 1 do artigo 7 do Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os concellos deberán acreditar a realización dos investimentos e a finalización das obras durante o primeiro trimestre de 2010, sen prexuízo de que a Dirección Xeral de Cooperación Local, por solicitude razoada e debidamente motivada do Concello, poida outorgar unha prórroga, que non poderá exceder doce meses, cando incidencias non imputables á Administración contratante xurdidas na execución do contrato a tiveren atrasado. Neste caso, a xustificación deberase presentar dentro do mes seguinte á conclusión da citada prórroga.

No caso de incumprimento destes prazos, observarase o previsto no artigo 10.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición adicional única. *Arancel de dereitos dos procuradores dos tribunais.*

1. A contía global por dereitos xerados a favor dun procurador dos tribunais nun mesmo asunto, actuación ou proceso non poderá exceder 300.000 euros.

Excepcionalmente, e sometido a xustificación e á autorización do xuíz, poderase superar o límite anteriormente sinalado para remunerar xusta e adecuadamente os servizos profesionais efectivamente realizados polo procurador de maneira extraordinaria.

2. Nos procesos concursais a base para regular os dereitos que se xeren será o 60 por 100 do pasivo resultante da lista definitiva de acredores presentada pola administración concursal. Cando o número de acredores que figuren na lista sexa superior a 300, a base de cálculo elevarase ao 70 por 100 do pasivo.

3. As regras establecidas nos números anteriores serán de aplicación a todas as actuacións ou procedementos en tramitación á entrada en vigor deste real decreto lei, incluídas as cantidades producidas por actuacións anteriores que non se liquidasen con carácter firme.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase en exercicio das competencias estatais recoñecidas nos seguintes preceptos da Constitución:

a) O artigo 1 do real decreto lei, en virtude das competencias sobre lexislación mercantil recoñecidas no número 6 do artigo 149.1 da Constitución.

b) O artigo 2 do real decreto lei, en exercicio das competencias sobre obras públicas de interese xeral recoñecidas no número 24 do artigo 149.1 da Constitución.

c) O artigo 3 do real decreto lei, en exercicio das competencias sobre aeroportos e transporte aéreo recoñecidas no número 20 do artigo 149.1 da Constitución.

d) O artigo 4 do real decreto lei, en exercicio das competencias recoñecidas polos números 14 e 18 do artigo 149.1 da Constitución.

e) A disposición adicional única, en virtude da competencia exclusiva sobre administración de xustiza recoñecida no número 5 do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 31 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO